

Dinámica videoforum 'A pasaxe'

Sinopse:

Concepción e Rosi, dúas mulleres veciñas do poboado xitano de Ponte Pasaxe deciden, xunto cos seus fillos, emprender un camiño que as levará a unha nova vida.

Unha historia que amosa a realidade que se vive nos asentamentos chabolistas da Coruña, narrada en viva voz por dúas nais con ganas de sacar adiante as súas familias, demostrando que a mellor maneira para experimentar unha transformación social é a insistencia e a ilusión por vivir.

Metodoloxía:

O obxectivo xeral desta dinámica é o de facer reflexionar ao alumnado sobre unha situación cercana, a través do tratamento das seguintes temáticas:

- O dereito a unha vida digna
- A exclusión social
- A muller como transformadora social

A metodoloxía a empregar será a do videoforum. A través da visualización dalgunhas partes do audiovisual fomentárase a reflexión e o debate tratando as nomeadas temáticas a través de preguntas disparadoras e dinámicas.

Temporalización e material necesario:

O material necesario para a realización da dinámica será:

- Pantalla e proxeccionador
- DVD 'A Pasaxe'
- Papel e lápiz para cada alumno/a

Tempo necesario: 50'

1/ Presentación (3')

Breve presentación do que van ver e localización xeográfica co fin de que se sintan integrados no “escenario”, e así un pouco co-protagonistas da historia que verán.

Preguntas disparadoras:

- “Alguén vive na zona de...” o “foi á praia de...”
- “Alguén foi a visitar a algunha persoa ao Materno?”
- “Alguén ten amigxs en Santa María del Mar?”

2/ Dereito a unha vida digna. Visualización do inicio ao min 07:12 (17')

O obxectivo desta parte é o de que o alumnado reflexione individualmente sobre as cousas que considera necesarias para ter unha vida digna e unha vez vista a proxección reelabore esa reflexión se o considera necesario.

- Antes da visualización cada alumno/a escribe nun papel 3 elementos da súa vida en relación a súa vivenda/necesidades sen as cales cree que non podería vivir. Se lle poden ofrecer exemplos: auga corrente, luz, calefacción...
- Lectura a viva voz e reconto rápido na pizarra dos elementos máis repetidos.
- Tras a visualización do vídeo, cotéxanse esos 3 elementos da “vivenda digna” considerados polo alumnado como indispensables cos das protagonistas nas súas chabolas.

3/ Exclusión social. Visualización do min 15:40 ao 19:20 (12')

Nesta parte xa estarán algo máis metidos en materia, polo que se propón un debate aberto a través de preguntas disparadoras. O obxectivo é a reflexión sobre a exclusión social:

- Que opinas do que viches?
- Cómo che ganarías a vida se che atoparas na mesma situación que estas mulleres?
- Estarías disposto a facer o mesmo que elas?

4/ A muller como transformadora social. Visualización do min 37:00 a 44:38 (13')

Continuando coa dinámica do debate, escóllese este trozo a modo de conclusión porque se ven os froitos do esforzo das dúas mulleres, e porque resume un pouco o seu propósito de integración.

O obxectivo é que sexan capaces de valorar o esforzo pola integración a través de imaxinarse na mesma situación.

- Por qué creedes que as mulleres foron as impulsoras do cambio dentro das súas familias?
- Se parece máis isto á vosa realidade diaria? Comparar coa vida no poboado. Poderían ser os teus veciños?
- Botas de menos algo ou a alguén no vídeo?

5/ Despedida (5')

Escribir nun papel 3 palabras que che suxiran esta dinámica, o que che pareza máis representativo.

Pode dárselles o link do vídeo para velo enteiro xunto co de “Pedra, papel”, e “Na viaxe do silencio”.